



SESION ORDINARIA DE 28 DE XULLO DE 2026

Presidenta:

D^a. María del Carmen López Moreno

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño.
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D. Héctor Manuel Corujo González
D. José Tomé Roca

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de xullo de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández

Non asiste o señor deputado don Daniel García Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	1/26	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de xuño de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A IMPULSAR UN NOVO MODELO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo e a Deputada Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte exposición de motivos:

Os incendios forestais constitúen hoxe un dos principais riscos ambientais, económicos e sociais aos que se enfronta Galicia. O cambio climático, a acumulación de combustible vexetal, o abandono progresivo da actividade agraria e a crecente conexión entre os espazos forestais e os núcleos habitados están dando lugar a incendios moito máis intensos, rápidos e difíciles de controlar. Xa non estamos ante o modelo de lume que coñeciamos hai dúas décadas: os expertos coinciden en que Galicia afronta unha nova xeración de grandes incendios de comportamento extremo, capaces de superar a capacidade de resposta dos dispositivos tradicionais e de poñer en risco simultaneamente vidas, vivendas, explotacións, patrimonio natural e patrimonio cultural.

Os datos confirman esta nova realidade. A Comisión Europea advertiu de que 2025 foi a peor campaña de incendios en Europa desde que existen rexistros, con máis dun millón de hectáreas queimadas, e situou a prevención como prioridade das

	IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Página	2/26





políticas públicas. Galicia sufriu ese mesmo ano algúns dos incendios máis graves das últimas décadas, con tres dos dez maiores lumes da historia recente de España en territorio galego. E a campaña de 2026 tampouco permite falar de normalidade: os primeiros grandes incendios do ano volveron afectar á provincia de Lugo, co lume de Ribas de Sil á cabeza, que arrasou arredor de 190 hectáreas e demostrou que o risco xa non se limita aos meses centrais do verán.

A provincia de Lugo representa con especial claridade esta ameaza. O Courel, Os Ancares, a Ribeira Sacra e a montaña lucense combinan unha enorme riqueza forestal cunha intensa perda de poboación e un progresivo abandono da actividade agraria. Un estudo presentado recentemente en Lugo constata a estreita relación entre despoboación, abandono agroforestal e grandes incendios, e conclúe que manter actividade económica e persoas traballando o territorio constitúe unha das mellores ferramentas de prevención. Esta conclusión coincide co consenso científico actual: a principal ferramenta contra o lume non é só aumentar os medios de extinción, senón actuar previamente sobre o territorio mediante a xestión da biomasa, a silvicultura preventiva, a recuperación dos usos agrogandeiros e a creación de paisaxes máis resilientes.

Porén, malia que a Lei 3/2007 atribúe á Xunta de Galicia a responsabilidade principal na prevención e defensa contra os incendios forestais, continúan existindo importantes carencias estruturais. Segue sen existir unha avaliación pública do primeiro quinquenio do Plan Forestal de Galicia 2021-2040. O compromiso asumido tras os grandes lumes de 2025 de executar a xestión da biomasa nas faixas secundarias dos concellos de menos de 10.000 habitantes non chegou a materializarse plenamente. E o operativo segue dependendo en exceso de contratacións temporais para atender necesidades que son permanentes.

Non se trata de cuestionar o extraordinario traballo dos profesionais da extinción, que merece o máximo recoñecemento institucional. Trátase de asumir que ningún operativo, por dimensionado que estea, poderá afrontar con éxito incendios cada vez máis intensos se previamente non existe unha política pública baseada na planificación, na prevención e na redución do risco. A prevención xa non pode ser unha actuación complementaria á extinción: debe converterse no eixo central da política forestal galega.

Por todo o exposto anteriormente, o Goberno da Deputación de Lugo presenta para o seu debate e aprobación os seguintes acordos:

Primeiro. Amosar o recoñecemento institucional da Deputación de Lugo aos profesionais dos dispositivos de prevención e extinción de incendios forestais, así

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	3/26	

como ás comunidades de montes, ao sector agrogandeiro e á veciñanza do rural, que sosteñen coa súa actividade diaria a primeira liña de defensa do territorio fronte ao lume.

Segundo. Instar á Xunta de Galicia a:

- Presentar, no prazo máximo de tres meses, unha avaliación pública e independente do grao de cumprimento do primeiro quinquenio do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, con indicadores de execución, investimentos realizados e obxectivos pendentes.
- Impulsar unha reforma integral da política galega de prevención de incendios, orientada á prevención estrutural, á xestión activa da paisaxe e á adaptación ao cambio climático, superando o modelo centrado na resposta estacional.
- Executar de forma efectiva e con financiamento suficiente a xestión da biomasa nas faixas secundarias de protección, especialmente nos concellos de menor capacidade económica e técnica, garantindo a súa finalización antes da época de máximo risco.
- Diseñar un Programa Galego de Paisaxes Resilientes, priorizando a silvicultura preventiva, a recuperación de terras agrarias abandonadas, os mosaicos agroforestais e a conservación de frondosas autóctonas, con especial atención á montaña lucense, Os Ancares, O Courel e a Ribeira Sacra.
- Reforzar de maneira estable os recursos humanos do sistema público de prevención e defensa contra incendios, reducindo a temporalidade, consolidando os postos estruturais e garantindo dispositivos permanentes durante os doce meses do ano.
- Incrementar os investimentos en prevención fronte aos destinados exclusivamente á extinción, priorizando o tratamento da biomasa, as faixas auxiliares, o mantemento de pistas e puntos de auga e a formación continua dos profesionais.
- Incorporar ao PLADIGA indicadores públicos de avaliación anual sobre superficie tratada, execución das faixas secundarias, investimentos por distrito forestal e evolución dos grandes incendios.
- Elaborar unha Estratexia Específica para a Provincia de Lugo, atendendo ás súas especiais características territoriais, demográficas e forestais, en coordinación cos concellos afectados.
- Elaborar, en colaboración coa FEGAMP, as deputacións e os concellos, un Plan Galego de Prevención Local que defina as responsabilidades de cada administración e asegure a dotación económica necesaria."

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa

	IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Página	4/26





Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, a Presidenta manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=2>

3.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA EN APOIO Á COMUNIDADE EDUCATIVA E EN DEFENSA DUN ENSINO PÚBLICO DE CALIDADE, INCLUSIVO, EN GALEGO E CON RECURSOS SUFICIENTES NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción:

Exposición de motivos

O ensino público é un servizo esencial para garantir a igualdade de oportunidades, a cohesión social e o futuro da nosa sociedade. Porén, a comunidade educativa vive

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	5/26	

unha situación de crecente preocupación ante a falta de recursos, a escaseza de profesorado, as baixas sen cubrir, o aumento das ratios e a sobrecarga que sofren os centros educativos.

Esta situación resulta especialmente grave nunha provincia como a de Lugo, marcada polo envellecemento demográfico, a dispersión xeográfica e o progresivo despoboamento do rural. Nun territorio no que 66 dos 67 concellos teñen menos de 20.000 habitantes, a escola pública é moito máis ca un centro de ensino: é un servizo de cohesión territorial e un factor de fixación de poboación.

Malia isto, a política educativa da Xunta de Galicia camiña na dirección contraria. Nos últimos anos asistimos ao peche continuado de unidades e escolas no rural. Ademais, os equipos directivos e o profesorado denuncian igualmente unha carga burocrática crecente e continuos cambios normativos que restan tempo á preparación de materiais e á atención directa do alumnado. Nos centros pequenos do rural, onde os equipos directivos compatibilizan funcións de dirección, tutoría e docencia, esta sobrecarga resulta especialmente asfixiante e desenvólvese, con frecuencia, fóra do horario laboral.

A comunidade educativa alerta tamén da insuficiencia de persoal especializado para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: orientadoras e orientadores compartidos entre varios centros, profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe con horarios fragmentados, e coidadoras e coidadores insuficientes. Esta carencia dificulta as avaliacións, o seguimento e a atención individualizada, e compromete o carácter inclusivo do sistema.

A esta situación súmase a necesidade de recursos específicos de acollida para o alumnado recentemente chegado, cuxa matrícula se produce como un goteo constante ao longo de todo o curso e en todos os niveis, moitas veces con descoñecemento das linguas oficiais, unha realidade que require unha atención moito máis individualizada e recursos humanos suficientes.

Así mesmo, a comunidade educativa lucense e galega leva anos manifestando a súa preocupación polos continuos ataques ao galego e polas medidas que reducen a presenza da nosa lingua nos centros educativos. A escola pública debe ser un espazo de normalización e non de minorización da lingua propia de Galicia, que constitúe un elemento fundamental de cohesión, identidade e igualdade de oportunidades dentro do sistema educativo público.

A Deputación de Lugo, como administración máis próxima á cidadanía, non pode manterse á marxe desta realidade e debe amosar o seu apoio á comunidade

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	6/26	



educativa e á defensa dun ensino público cos recursos necesarios para garantir unha atención adecuada a todo o alumnado, viva onde viva.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Provincial Socialista presenta para o seu debate e aprobación os seguintes acordos:

Primeiro. Amosar o apoio institucional da Deputación de Lugo ao profesorado, ao persoal educativo, ao persoal de administración e servizos, ao alumnado e ás familias na defensa dun ensino público de calidade, inclusivo, en galego e con recursos suficientes.

Segundo. Instar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia a:

1. Garantir un ensino público forte, dignificado e suficientemente financiado, que asegure a igualdade de oportunidades para todo o alumnado da provincia de Lugo, con independencia do lugar no que viva.
2. Garantir unha escola de calidade e en galego, cunha maior presenza efectiva da nosa lingua propia no sistema educativo, como ferramenta de cohesión social, inclusión e garantía de dereitos lingüísticos.
3. Aumentar os cadros de persoal docente e educativo, adecuándoos á realidade dos centros actuais, cada vez máis diversos e con necesidades educativas máis complexas, e axilizar a cobertura das baixas e substitucións para que ningún grupo quede sen atención docente especializada.
4. Baixar as ratios, para garantir unha atención máis personalizada, inclusiva e eficaz para todo o alumnado, e aplicar criterios específicos de ratio para o rural que protexan as unidades escolares dos concellos pequenos fronte ao peche.
5. Manter abertas as escolas do rural, adoptando o compromiso expreso de non pechar unidades educativas nos concellos rurais da provincia de Lugo e de considerar a escola rural un servizo esencial de cohesión territorial e loita contra o despoboamento.
6. Mellorar as condicións laborais do profesorado, con recuperación do poder adquisitivo, recoñecemento profesional e medidas que favorezan o benestar laboral.
7. Reducir a burocracia e a carga administrativa que actualmente afoga o profesorado e resta tempo á tarefa esencial de educar, acompañar e atender o alumnado.
8. Mellorar con urxencia as infraestruturas escolares, garantindo espazos dignos, saudables e accesibles.
9. Garantir espazos educativos seguros e protectores, que aseguren a

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM		Página	

convivencia, o benestar emocional e físico e o desenvolvemento integral de toda a comunidade educativa.

10. Dotar os centros de recursos suficientes para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e do alumnado recentemente chegado con descoñecemento da lingua, cuxa matrícula se produce de xeito constante ao longo de todo o curso.
11. Garantir un transporte escolar e uns comedores escolares dignos e adaptados á realidade dun territorio disperso como o da provincia de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, a Presidenta manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=3>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG A PROL DUN PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA QUE PROTEXA A LINGUA GALEGA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

	IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Página	8/26	



“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte exposición de motivos:

O Goberno da Xunta de Galiza vén de anunciar unha proposta de actualización do Plan Xeral de Normalización Lingüística (PXNL) que non é máis que un “paripé propagandístico”, no que o Presidente Rueda está acadando o que non logrou nin o réxime franquista, que é facer do galego unha lingua de segunda e roubarlle ás futuras xeracións o dereito a coñecelo. Esta proposta de actualización é só un pacto do PP co PP, e o seu Presidente pasará á historia coma o do “Non ao galego” con políticas contrarias durante 17 anos de goberno.

Proba disto é que o PXNL vixente, pactado por unanimidade no 2004, fixa un 50 % como mínimo de ensino en galego, e o documento presentado polo PP elimina esta protección, ademais que unha gran parte das medidas propostas polas persoas expertas nas comisións de traballo “non lograron pasar o filtro de San Caetano”, en particular no que ten que ver coa aprendizaxe e uso do galego no ensino.

O Goberno do PP, na súa estratexia deliberada en contra da lingua galega, mantén o “decreto da vergoña” que converteu o galego en lingua de segunda no ensino e que colocou o noso idioma na peor situación da súa historia, e que por primeira vez o castelán sexa a lingua máis falada, que o galego sexa a única lingua do Estado que perde falantes e que, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE), só o 7 % dos nenos e nenas falan galego sempre, é dicir, a metade que en 2018. Ademais, un de cada tres mozos reconece non saber falalo. A este ritmo, en dez anos o galego podería desaparecer entre a xente moza.

A realidade de todo isto, é que o próximo curso comezará coa prohibición de impartir matemáticas, tecnoloxía ou física e química en galego o que se traduce en que a escola seguirá a ser desgaleguizadora por imposición do “decreto da vergoña”.

Co plan presentado, sen medidas concretas, sen planificación e sen orzamentos, o Goberno de Rueda confirma a súa estratexia de “acoso e derruba” ao galego. Tras o “acto propagandístico”, o PP segue sen aclarar como se vai reverter a perda de falantes, como se vai garantir a aprendizaxe do galego e como se van garantir os dereitos lingüísticos, que son parte dos dereitos humanos.

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	9/26	

O BNG segue disposto ao diálogo en favor do galego “desde o primeiro día”, pero o PP na Xunta aínda non deu resposta ao documento coas propostas nacionalistas que lle foi remitido ao comezo deste proceso.

O PP vén de romper unilateralmente todos os consensos, sobre a Lei de Normalización Lingüística, o Plan Xeral de Normalización ou o decreto 79/2010, e debe volver ao consenso e ao acordo, e emprazámolo a explicar por que “vetou” unha parte importante das propostas feitas polas comisións de persoas expertas que a propia Xunta nomeou.

O que lle pedimos a Rueda e ao PP é que rectifiquen, e que dunha vez por todas, saian de detrás da pancarta en contra do galego e que lle dea a man á inmensa maioría da sociedade galega, que lle quere de verdade ao galego.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, insta á Xunta de Galiza a:

1.- Derrogar de inmediato o DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, de maneira que empece cun novo decreto que cumpra cando menos o que di o Plan de Normalización vixente: 50 % mínimo en galego nas aulas e suprimir o veto a ensinar materias no idioma propio de Galiza.

2.- Cumprir o Plan de Normalización Lingüística vixente, que acadou un gran pacto social en favor do Galego.

3.- Garantir o uso do galego en todos os ámbitos e para todos os usos.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvareño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, a Presidenta manifesta que se efectuará unha nova votación.

	IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Página	10/26





Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DO SECTOR APÍCOLA DE GALIZA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector apícola atravesa un momento especialmente complexo, con varias fronteas abertas que dificulta na súa evolución e comprometen a súa viabilidade. Tanto as enfermidades, nomeadamente a causada pola Varroa, como as choivas constantes do pasado inverno e os incendios de 2025 deixaron os colmeares moi debilitados de cara á chegada da velutina neste ano, outra das principais ameazas dos nosos colmeares.

Este depredador, instalado na Galiza hai máis dunha década, foi conquistando o territorio sen que as medidas adoptadas para combater esta praga desen os resultados agardados. A súa presenza ten efectos moi graves sobre as colmeas galegas, pero tamén sobre outros sectores, como o vitivinícola ou o hortofrutícola, afectados por importantes perdas derivadas da necesidade de alimento da vespa. A isto hai que engadir o risco que supón para a saúde humana, con mortes ocasionadas por picaduras ano tras ano e situacións de perigo, especialmente para a poboación que desenvolve labores agrícolas.

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM		Página	

Neste contexto, e coa chegada de produto procedente do mercado internacional exento de aranceis a consecuencia do tratado do Mercosur, as explotacións apícolas galegas afrontan un presente e un futuro especialmente difíciles. Todo isto acontece sen atopar os apoios precisos por parte das distintas administracións, nomeadamente da Xunta de Galiza que este ano mesmo reduciu o orzamento destinado ao Plan Apícola, limitando así a capacidade produtiva dun sector sometido a graves ameazas.

Malia que os titulares das explotacións, asociacións, cooperativas vinculadas á produción de mel en Galiza teñen claras as necesidades e prioridades das persoas produtoras, a realidade é que ano tras ano a Consellería do Medio Rural ignora as demandas que o sector lle traslada. Entre elas destacan a necesidade de incrementar o financiamento para aquelas liñas que as e os apicultores consideran prioritarias, así como reforzar a loita contra a velutina sen incluíla no Plan Apícola por tratarse dun problema de país e non exclusivamente dun sector concreto.

Todo isto constitúe unha dificultade engadida para garantir a continuidade da actividade destas explotacións, unha situación que se evidencia ao analizar os datos dos últimos anos. Nunha primeira lectura, as cifras poden facer pensar nunha evolución positiva do sector. Porén, unha análise máis detallada amosa unha realidade ben distinta.

Nos últimos dez anos, o número de explotacións apícolas aumentou arredor dun 35%, convertendo Galiza no quinto produtor de mel do Estado, con case 5.000 explotacións e unha produción aproximada de 3.000 toneladas anuais. Non obstante, se observamos os datos dos tres últimos anos, a tendencia é claramente negativa: no ano 2025 rexistráronse máis de 8.500 colmeas menos que en 2023 e o número de explotacións reduciuse en máis de 250 no mesmo período. Recentemente, as propias asociacións apícolas advertían de datos preocupantes derivados da actualización do censo apícola, que reflicte unha mingua grave do número de colmeas.

Cómpre, se realmente se quere apoiar o sector, poñer o foco na necesidade de estudar os factores negativos que están a afectar os nosos apiarios na actualidade e actuar de xeito urxente sobre eles. Só así será posible traballar para remediar ou paliar os seus efectos e mellorar tanto a produción como a rendibilidade do mel galego, evitando que continúen os peches de explotacións e a perda de colmeas

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, insta á Xunta de Galiza a:

1º.- Excluír a loita contra a Velutina do Plan Apícola de Galiza, duplicando así mesmo o orzamento dependente da Consellería de Medio Rural destinado a dito Plan, que permitan subvencionar outras liñas para as que non hai suficiencia orzamentaria ou reforzar algunhas das presentes, tales coma as dirixidas aos tratamentos contra a Varroa.

	IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Página	12/26





2º.- Levar a cabo medidas de control da Velutina efectivas, tomando en conta o coñecemento dos titulares das explotacións, das asociacións e dos expertos, avanzando nos métodos de loita contra a praga eficientes e con resultados comprobados noutros territorios e abandonando a inacción da Xunta de Galiza neste eido.

3º.- Eliminar as restricións para a adquisición de cera, podendo solicitala anualmente segundo as necesidades dos apicultores, xa que se trata dunha cuestión que afecta á saúde das colmeas.

4º.- Elaborar un estudo sobre a influencia das ameazas que representan a vespa velutina e a Varroa nas explotacións apícolas e a súa influencia na diminución do censo de colmeas no noso país e na rendibilidade destas.

5º.- Elaborar un informe sobre o trampeo para a loita contra a Velutina levado a cabo no 2025, indicando o gasto neste, as trampas repartidas entre os apicultores, as colocadas pola Xunta de Galiza, os datos do recontar de raíñas capturadas e cambios de líquido que se fixeron nestas trampas e cantas delas foron xeolocalizadas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM		Página	

Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A REFORMAR O ESTATUTO MARCO CO CONSENSO REAL DOS PROFESIONAIS SANITARIOS E AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte exposición de motivos

A ‘Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde é -xunto coa ‘Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias’- a norma que vertebra o Sistema Nacional de Saúde desde o prisma da Ordenación Profesional.

A citada ‘Lei 55/2003’ ten por obxecto “establecer as bases reguladoras da relación funcional especial do persoal estatutario dos servizos de saúde que conforman o Sistema Nacional de Saúde, a través do Estatuto Marco do devandito persoal” e foi modificada en distintos momentos co transcurso dos anos.

Exemplos diso son os cambios nos artigos 59.3 e 61.2 materializados coa ‘Lei Orgánica 3/2007’; no artigo 67 mediante a ‘Lei 14/2011’, e, entre outros, nos artigos 9 e 33, así como na disposición adicional décimo terceira, que se introduciron vía Real Decreto-lei 12/2022.

Nese contexto de cambios, o ‘Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia’ contén no seu Compoñente 18 -relativo á ‘Renovación e ampliación de capacidades do Sistema Nacional de Saúde’- unha reforma, a número catro, focalizada no “reforzo das capacidades profesionais e redución da temporalidade” que contempla a actualización do ‘Estatuto Marco’.

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	14/26	



As propostas realizadas desde o Ministerio de Sanidade ata o momento para posibilitar a devandita actualización foron rexeitadas polos representantes dos profesionais que conforman o Comité de Folga.

Este rexeitamento traducíuse nos últimos anos en distintas concentracións nas rúas e numerosas declaracións en redes sociais e medios de comunicación, aínda que as maiores mostras do desagrado xerado son as folgas que se teñen celebrado nos últimos meses con paros semanais intermitentes que os sindicatos xa avanzaron que continuarán despois do verán ante a falta de acordos co Ministerio de Sanidade.

A clasificación dos grupos profesionais, as xornadas de garda, o réxime de incompatibilidades, a xubilación voluntaria, as melloras nas retribucións... son algúns dos factores nos que o Goberno de España -ministerios de Sanidade, Facenda, Traballo e Economía Social, Transformación Dixital e Función Pública...- non soubo, non puido ou non quixo atender as peticións expostas polos profesionais sanitarios.

Pola súa banda, e diante a situación de bloqueo existente, a maioría das Comunidades Autónomas -e moi en particular desde Galicia- solicitaron ao Goberno de España que retire con inmediatez as súas propostas e inicie desde cero unha reforma do 'Estatuto Marco' acordada de verdade desde o diálogo, dado que o Goberno impulsou a súa proposta de reforma do Estatuto marco de costas ás Comunidades Autónomas, que son quen ten as competencias en materia de Sanidade.

Os Gobernos autonómicos solicitaron memorias técnicas, xurídicas e económicas que sustenten cada modificación da 'Lei 55/2003' que se expoña, e tamén que se garanta un financiamento realista e adecuado ás necesidades expostas polos profesionais sanitarios.

Unha negativa desde o Ministerio de Sanidade á formulación realizada desde as Comunidades Autónomas contribúe unicamente para empeorar o enfrontamento frontal existente cos profesionais, incrementando a súa frustración, así como o impacto negativo dos seus paros na actividade asistencial -para os pacientes- de todo o Sistema Nacional de Saúde.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao Goberno de España a convocar a todos os axentes implicados co obxectivo de formular unha nova proposta de renovación do 'Estatuto Marco' que sexa froito do consenso real cos profesionais sanitarios e as Comunidades Autónomas, que conte coas memorias técnicas, xurídicas e económicas

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	15/26	

para fundamentar cada modificación do 'Estatuto Marco' vixente e que veña acompañado dun financiamento realista e adecuado para asegurar unha aplicación efectiva e tanxible de todo o disposto na nova norma.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular).

Téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade da Presidenta, declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A RESOLVER O CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA GARANTIR QUE ESES FONDOS PÚBLICOS NON SE DESTINEN Á CONSTRUCCIÓN DA NOVA PONTE NO MALECÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	16/26	



“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte exposición de motivos:

Carmela López foi elixida presidenta desta institución provincial o pasado 14 de xaneiro de 2026 co apoio dos deputados do PSOE, do BNG e de José Tomé como deputado non adscrito. De feito, Tomé mantívose como deputado provincial, ademais de continuar a ser alcalde en Monforte de Lemos co apoio dos concelleiros do PSOE, tras facerse públicas denuncias por presunto acoso sexual polo que, actualmente, está a ser investigado pola Fiscalía.

O seu apoio foi imprescindible para a elección da nova presidenta e conformar un goberno de coalición na Deputación de Lugo entre PSOE e BNG, que se mantén na Vicepresidencia do ente provincial.

Xa naquel momento advertiamos dun pacto oculto e esixiamos coñecer as condicións impostas polo deputado José Tomé a cambio de apoiar o actual goberno provincial bipartito.

Recentemente, tras solicitar acceso aos expedientes de solicitudes deste Deputado, o Grupo Provincial Popular descubría que José Tomé volveu solicitar ante a Deputación de Lugo o pago da súa defensa xurídica e tamén a subscripción dun convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos que foi aprobado na Xunta de Goberno do venres 3 de xullo.

O obxecto que consta na documentación oficial é o financiamento dos gastos derivados da execución de actuacións urbanas ou no medio rural municipal co obxectivo de mellorar as comunicacións que benefician ao conxunto da veciñanza polo que a través deste convenio, a Deputación de Lugo se compromete a achegar 1,8M€ en tres anualidades para as actuacións que suman un total de 5,1M€ de investimento. Dita cifra coincide de xeito exacto, ata o último céntimo, co orzamento total do proxecto de construción da nova ponte metálica aberta ao tráfico sobre o río Cabe que substituiría á actual pasarela peonil do Malecón, polo que todo apunta a que os fondos se dirixirán a esta actuación que ten suscitado un profundo rexeitamento por parte da maioría dos veciños e veciñas de Monforte de Lemos. Ademais, o propio deputado José Tomé recoñeceu publicamente que este sería o destino real dos fondos provinciais.

Trala aprobación do convenio, o BNG abría unha fenda no goberno provincial. O propio Vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, anunciaba dende

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	17/26	

Monforte de Lemos unha reunión entre a dirección do BNG e do PSdeG-PSOE na que participarían representantes dos dous grupos na Deputación de Lugo para estudar a aprobación deste convenio dando por seguro que se dirixe ao financiamento da obra da nova ponte do Malecón á que o BNG di opoñerse.

Mentres Efrén Castro alega que os representantes do BNG non tiveron nada que ver con este convenio e sinala directamente como responsable á presidenta da institución provincial; José Tomé reclámalle lealdade cos seus socios de goberno na Deputación de Lugo e pídlle que non se inmiscúa nas áreas que xestiona o PSOE.

O BNG intentou desmarcarse na Deputación de Lugo dunha decisión que favorecerá a construción da nova ponte do Malecón en Monforte de Lemos co apoio dos fondos dunha institución onde goberna en coalición e o deputado Tomé confirmou con estes feitos que continúa a negociar con Carmela López.

O Malecón é un dos espazos públicos máis emblemáticos de Monforte de Lemos, un lugar de convivencia, paseo e lecer que forma parte da identidade da cidade e da súa relación co río Cabe. A súa transformación mediante unha infraestrutura destinada á circulación de vehículos modificaría substancialmente o uso dun espazo concibido para as persoas.

Máis aló das diferencias políticas entre BNG, PSOE e o Deputado Tomé, a nova ponte do Malecón continúa a xerar un gran rexeitamento social que os responsables municipais e provinciais seguen a ignorar.

Así pois, deben rectificar mentres están a tempo. A resolución do convenio aprobado o pasado 3 de xullo constituiría un exercicio de responsabilidade política e de respecto á vontade dunha parte moi significativa da cidadanía de Monforte.

Con todo, a resolución do convenio non ten porque supoñer a perda dunha importante cantidade de diñeiro no municipio de Monforte de Lemos. Así, podería redefinirse ou renegociar o seu obxecto, de forma que sirva para cubrir necesidades reais dos monfortinos e monfortinas como é contar cunha rede de saneamento e abastecemento na cidade en condicións acordes ao século XXI e garantir que non se destinan fondos de todos os veciños desta provincia a un proxecto con tal rexeitamento social.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo acorda instar ao equipo de goberno a resolver o convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	18/26	



Monforte de Lemos aprobado na reunión da Xunta de Goberno do pasado venres 3 de xullo para garantir que eses recursos públicos non se destinen á construción dunha nova ponte aberta ao tráfico sobre o río Cabe na zona do Malecón en Monforte de Lemos nin a ningún proxecto con tal contestación social”.

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG, preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial Iria Castro Fernandez, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta a consideración do Pleno a seguinte emenda de substitución na moción do Grupo Provincial Popular de título *“Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao equipo de goberno a resolver o convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para garantir que eses fondos públicos non se destinen á construción da nova ponte no Malecón”*:

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN da proposta de acordo por este novo punto:

1.- O Pleno da Corporación Provincial de Lugo acorda instar a Deputación de Lugo a redactar unha addenda no convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos destinado a financiar as obras da ponte do Malecón, e que dita addenda cambie o obxecto dos fondos para que estes se destinen a obras e investimentos que non xeren rexeitamento social.

Por parte do Grupo propoñente da moción acéptase a emenda presentada, quedando redactada a moción do seguinte xeito:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte exposición de motivos:

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM		Página	

Carmela López foi elixida presidenta desta institución provincial o pasado 14 de xaneiro de 2026 co apoio dos deputados do PSOE, do BNG e de José Tomé como deputado non adscrito. De feito, Tomé mantívose como deputado provincial, ademais de continuar a ser alcalde en Monforte de Lemos co apoio dos concelleiros do PSOE, tras facerse públicas denuncias por presunto acoso sexual polo que, actualmente, está a ser investigado pola Fiscalía.

O seu apoio foi imprescindible para a elección da nova presidenta e conformar un goberno de coalición na Deputación de Lugo entre PSOE e BNG, que se mantén na Vicepresidencia do ente provincial.

Xa naquel momento advertiamos dun pacto oculto e esixiamos coñecer as condicións impostas polo deputado José Tomé a cambio de apoiar o actual goberno provincial bipartito.

Recentemente, tras solicitar acceso aos expedientes de solicitudes deste Deputado, o Grupo Provincial Popular descubría que José Tomé volveu solicitar ante a Deputación de Lugo o pago da súa defensa xurídica e tamén a subscrición dun convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos que foi aprobado na Xunta de Goberno do venres 3 de xullo.

O obxecto que consta na documentación oficial é o financiamento dos gastos derivados da execución de actuacións urbanas ou no medio rural municipal co obxectivo de mellorar as comunicacións que benefician ao conxunto da veciñanza polo que a través deste convenio, a Deputación de Lugo se compromete a achegar 1,8M€ en tres anualidades para as actuacións que suman un total de 5,1M€ de investimento. Dita cifra coincide de xeito exacto, ata o último céntimo, co orzamento total do proxecto de construción da nova ponte metálica aberta ao tráfico sobre o río Cabe que substituiría á actual pasarela peonil do Malecón, polo que todo apunta a que os fondos se dirixirán a esta actuación que ten suscitado un profundo rexeitamento por parte da maioría dos veciños e veciñas de Monforte de Lemos. Ademais, o propio deputado José Tomé reconeceu publicamente que este sería o destino real dos fondos provinciais.

Trala aprobación do convenio, o BNG abría unha fenda no goberno provincial. O propio Vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, anunciaba dende Monforte de Lemos unha reunión entre a dirección do BNG e do PSdeG-PSOE na que participarían representantes dos dous grupos na Deputación de Lugo para estudar a aprobación deste convenio dando por seguro que se dirixe ao financiamento da obra da nova ponte do Malecón á que o BNG di opoñerse.

	IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Página	20/26





Mentres Efrén Castro alega que os representantes do BNG non tiveron nada que ver con este convenio e sinala directamente como responsable á presidenta da institución provincial; José Tomé reclámalle lealdade cos seus socios de goberno na Deputación de Lugo e pídelle que non se inmiscúa nas áreas que xestiona o PSOE.

O BNG intentou desmarcarse na Deputación de Lugo dunha decisión que favorecerá a construción da nova ponte do Malecón en Monforte de Lemos co apoio dos fondos dunha institución onde goberna en coalición e o deputado Tomé confirmou con estes feitos que continúa a negociar con Carmela López.

O Malecón é un dos espazos públicos máis emblemáticos de Monforte de Lemos, un lugar de convivencia, paseo e lecer que forma parte da identidade da cidade e da súa relación co río Cabe. A súa transformación mediante unha infraestrutura destinada á circulación de vehículos modificaría substancialmente o uso dun espazo concibido para as persoas.

Máis aló das diferencias políticas entre BNG, PSOE e o Deputado Tomé, a nova ponte do Malecón continúa a xerar un gran rexeitamento social que os responsables municipais e provinciais seguen a ignorar.

Así pois, deben rectificar mentres están a tempo. A resolución do convenio aprobado o pasado 3 de xullo constituiría un exercicio de responsabilidade política e de respecto á vontade dunha parte moi significativa da cidadanía de Monforte.

Con todo, a resolución do convenio non ten porque supoñer a perda dunha importante cantidade de diñeiro no municipio de Monforte de Lemos. Así, podería redefinirse ou renegociar o seu obxecto, de forma que sirva para cubrir necesidades reais dos monfortinos e monfortinas como é contar cunha rede de saneamento e abastecemento na cidade en condicións acordes ao século XXI e garantir que non se destinan fondos de todos os veciños desta provincia a un proxecto con tal rexeitamento social.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Corporación Provincial de Lugo acorda instar a Deputación de Lugo a redactar unha addenda no convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos destinado a financiar as obras da ponte do Malecón, e que dita addenda cambie o obxecto dos fondos para que estes se destinen a obras e investimentos que non xeren rexeitamento social".

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	21/26	

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24: votos a favor, 14 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=7>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

8.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE 5 DE XUÑO DE 2026 RELATIVA Ó NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PADROADO DA FUNDACIÓN ROF CODINA

Dáse conta da resolución da Presidencia de 5 de xuño de 2026 relativa ó nomeamento de representantes da Deputación Provincial de Lugo no Padroado da Fundación Rof Codina.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=8>

9.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia, adoptadas durante o mes de xuño de dous mil vinte e seis.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=9>

10.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO, RELATIVOS Á MODIFICACIÓNS/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 POLO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA.

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	22/26	



Dáse conta dos acordos da Xunta de Goberno, relativos á modificacións/substitucións de investimentos incluídos no plan deputación de cooperación cos concellos 2025 polo concello de Navia de Suarna.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=10>

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=11>

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á adopción das medidas necesarias para garantir a seguridade viaria nas vías provinciais do municipio de Alfoz, ponte da LU-P-0203 e na ponte sobre o río Ouro na LU-P-0207, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A seguridade viaria debería ser unha prioridade para o goberno provincial. Pero, lamentablemente, son varios os exemplos de situacións de risco nas que se atopan as estradas de titularidade da Deputación de Lugo.

En Alfoz, unha ponte da estrada provincial LU-P-0203 ten un dos seus piares no aire dende fai moito tempo sen que a Deputación de Lugo tome medidas. Así mesmo, na ponte sobre o río Ouro na LU-P-0207 non hai varandas dende fai meses e aínda colocaron neste mes de xullo unha medida provisional. Na mesma vía, sobre o río Bao, a ponte é máis estreita que a plataforma. E a maleza oculta as barreiras protectoras doutra ponte na LU-P-0206.

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	23/26	

Todas estas circunstancias supoñen un risco para os usuarios e usuarias das vías provinciais en Alfoz onde a Deputación de Lugo leva anos sen realizar traballos de limpeza de cunetas nin de poda das ramas das árbores que están a diminuír o gálibo destas vías provocando danos nos vehículos.

Esta situación débese á falta de mantemento e conservación da rede viaria titularidade da Deputación de Lugo por parte deste goberno provincial.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Adopte as medidas necesarias para garantir a seguridade viaria nas vías provinciais do municipio de Alfoz corrixindo os puntos de risco e, con especial urxencia, os danos nun dos piares da ponte da LU-P-0203 e colocando as varandas na ponte sobre o río Ouro na LU-P-0207.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación á seguridade dos peóns pola vía provincial LU-P-6602 ao seu paso polo núcleo de Galdo (Viveiro), que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A ausencia de beirarrúas ou zonas exclusivas para peóns nas marxes da estrada provincial LU-P-6602 ao seu paso polo núcleo de Galdo (Viveiro) supón un perigo para os peóns toda vez que se vén obrigados a compartir espazo con vehículos que circulan a gran velocidade entre as vivendas.

Os propios veciños e veciñas, que veñen de colocar sinais caseiros nas súas vivendas para advertir da presenza de persoas na zona, se teñen dirixido ao goberno provincial para solicitar medidas de seguridade.

O Grupo Provincial Popular xa trasladou esta reivindicación o ano pasado e, incluso, o anterior sen que o goberno provincial teña ofrecido ningunha solución ao problema denunciado polos veciños e veciñas de Galdo. Nin habilitar espazos seguros para os peóns, nin reforzar a sinalización, nin instalar medidas redutoras da velocidade.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

Adopte de forma inmediata as medidas que sexan necesarias para garantir a seguridade dos peóns que comparten espazo cos vehículos que circulan pola vía provincial LU-P-6602 ao seu paso polo núcleo de Galdo (Viveiro).”

	IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZX3ZRWROIXCEM	Página	24/26	



PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa a algunha medida a adoptar para garantir a seguridade de todos los usuarios das vías provinciais nos puntos nos que conflúen con algunha das rutas do Camiño de Santiago ao seu paso pola Provincia de Lugo, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O Camiño de Santiago constitúe un dos principais activos turísticos para a provincia. Son moitos, e cada vez máis, os peregrinos que percorren o noso territorio e, en moitos casos, as rutas coinciden co trazado de vías de titularidade da Deputación de Lugo.

Dende o Grupo Provincial Popular temos solicitado ao goberno desta Deputación Provincial en reiteradas ocasións a elaboración e execución dun plan de medidas específicas para o reforzo da seguridade viaria nas vías provinciais no entorno do camiño (construción de sendas peonís, reforzo da sinalización ou instalación de medidas redutoras da velocidade) de cara a garantir a seguridade tanto dos peregrinos como do resto de usuarios da rede viaria provincial ante a cada vez maior afluencia de peregrinos en tódalas rutas xacobeas

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten previsto o goberno provincial adoptar algunha medida para garantir a seguridade do tódolos usuarios das vías provinciais nos puntos nos que conflúen con algunha das rutas do Camiño de Santiago ao seu paso pola provincia de Lugo? ”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa as previsións que ten o goberno provincial para a efectiva apertura do Náutico de Augasmestas (Quiroga) con todas as garantías, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	25/26	

O pioneiro complexo turístico titularidade da Deputación de Lugo ideado por un goberno do Partido Popular e situado en Augasmestas (Quiroga) leva preto de 20 anos pechado e abandonado polo goberno provincial.

Despois de todos estes anos de reivindicacións por parte de entidades, colectivos e do Grupo Provincial Popular sobre a súa reapertura para que a Deputación de Lugo poña en valor as potencialidades da comarca e contribúa ao desenvolvemento do sector turístico, atendendo á finalidade que recollen os documentos asinados polo propio goberno provincial; a Xunta de Goberno desta institución aprobaba, na reunión do 3 de xullo de 2026, iniciar a tramitación dun procedemento de concorrencia pública para a explotación do inmovible provincial denominado Náutico de Augasmestas.

O anuncio da licitación para a súa concesión demanial foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 7 de xullo cuns pregos de condicións que recollían entre as obrigadas do futuro concesionario obter, á súa costa, os permisos, licenzas e autorizacións precisas para a posta en funcionamento da instalacións e das actividades derivadas desta concesión incluíndo a realización das obras que fosen precisas; así como asumir as reparacións non só ordinarias, senón tamén extraordinarias que foran precisas. Tamén recollían como causa de resolución da concesión un peche continuado das instalacións por un período superior a 2 meses continuados sen especificar se esa condición aplicaríase a partir da obtención dos permisos ou antes.

Finalmente, a Deputación de Lugo anulaba os pregos da licitación o 20 de xullo, un día antes de finalizar o prazo para a recepción de ofertas. O procedemento para a adxudicación do servizo sofre unha nova paralización e o complexo continuará un verán máis pechado e a comarca un verán máis sen este recurso turístico.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que previsións ten o goberno provincial para efectiva apertura do Náutico de Augasmestas (Quiroga) con todas as garantías?”.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260728&punto=12>

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as catorce horas e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Fecha y Hora	24/08/2026 14:18:43	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV762HI4PMP4ZXM3ZRWROIXCEM	Página	26/26	